

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

12767 *Real decreto 885/2020, do 6 de outubro, polo que se establecen os requisitos para a comercialización e posta en servizo de placas de matrícula para vehículos de motor e remolques, e polo que se modifica o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.*

O Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, establece como requisito para a circulación de vehículos de motor, así como remolques e semirremolques de masa máxima autorizada superior a 750 quilogramos, a obrigatoriedade de levar placas de matrícula. Especificase no citado regulamento a necesidade de que as placas de matrícula se correspondan con tipos homologados.

Pola súa parte, o artigo 5.3 do regulamento mencionado anteriormente determina que o procedemento para a homologación de tipo fixarao o Ministerio de Industria e Enerxía, actualmente Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

A Orde IET/1624/2012, do 16 de xullo, pola que se regula a homologación de placas de matrícula para vehículos de motor e remolques, establece requisitos administrativos e procedementais para a homologación de tipo das placas de matrícula, especificacións técnicas do produto, métodos de ensaio, así como responsabilidades dos diversos axentes involucrados no proceso de fabricación das placas de matrícula.

En liña co novo marco lexislativo establecido no Regulamento (CE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) 339/93, e na Decisión 768/2008/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, sobre un marco común para a comercialización dos produtos e pola que se derroga a Decisión 93/465/CEE do Consello, de aplicación para a gran maioría dos produtos, o presente real decreto elimina o control previo por parte da Administración; así, os fabricantes serán os responsables dos produtos que poñen no mercado sen prexuízo do control que realicen, a posteriori, as administracións públicas competentes no control e vixilancia do mercado. Co fin de manter a coherencia co resto do ordenamento xurídico, resulta necesario modificar o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, e o Regulamento de vehículos históricos, aprobado polo Real decreto 1247/1995, do 14 de xullo, para eliminar as referencias ao proceso de homologación vixente até agora e facer referencia ao novo marco regulatorio de aplicación para as placas de matrícula. Non se detectaron outras alusións ao proceso de homologación das placas dentro da regulación nacional.

O presente real decreto establece as especificacións técnicas que deberán cumprir as placas de matrícula para a súa comercialización e posta en servizo e regula o réxime de responsabilidade dos fabricantes e outros axentes económicos en canto ao cumprimento de tales especificacións.

Na medida do posible, mantéñense as definicións establecidas na normativa europea harmonizada, ben que, debido ás características específicas na fabricación do produto, como sucede coa finalización do produto por parte do manipulador, resulta necesario adaptalas ou incluír algunhas novas para garantir a coherencia do texto.

Co obxectivo de mellorar a rastrexabilidade do proceso de fabricación e comercialización das placas, este real decreto actualiza o sistema de control dos manipuladores de placas de matrícula e substitúe o rexistro en papel, diseminado en cada establecemento, pola inclusión dos datos de fabricación de matrículas no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

Esta norma elaborouse tendo en conta os principios que conforman a boa regulación, a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En particular, cúmprense os principios de necesidade e eficacia ao se considerar que a aprobación deste real decreto é o instrumento necesario para conseguir o obxectivo perseguido, que é a simplificación administrativa e o establecemento do marco normativo que favoreza a competitividade no mercado. O principio de proporcionalidade considérase cumprido xa que o real decreto contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade polo que na súa elaboración foi informada a Comisión Europea.

O principio de seguridade xurídica garántese xa que esta norma é coherente co resto do ordenamento xurídico e pretendeuse que sexa clara e que facilite a actuación e a toma de decisións das persoas e empresas. En canto ao principio de transparencia, o real decreto foi sometido ao trámite de consulta pública establecido no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e ao trámite de audiencia e información públicas contido no seu artigo 26.6, para posibilitar aos potenciais destinatarios a súa participación activa no citado proceso. Así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas e foi obxecto de informe do Consello Superior de Tráfico, Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable, de acordo co previsto no artigo 8.5.d) do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro.

Por último, con respecto ao principio de eficiencia, elimináronse as cargas administrativas que comportaba a homologación de placas de matrícula.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información.

Esta disposición dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e no artigo 149.1.21.^a da propia Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, sen prexuízo das competencias que, se for o caso, teñan as comunidades autónomas, con base na habilitación segundo a disposición derradeira segunda da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, cuxo texto refundido se aprobou mediante o Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, que habilita o Goberno para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da lei.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo e do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de outubro de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación dos requisitos aplicables para a comercialización e posta en servizo das placas de matrícula destinadas a seren instaladas nos vehículos de motor e remolques.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, consideraranse as seguintes definicións:

1. Placa de matrícula: placa identificativa exterior composta por unha serie de números e letras suxeita ás especificacións técnicas do anexo III deste real decreto e que deben levar os vehículos como condición previa á súa circulación.

2. Tipo de placa de matrícula: o composto por placas con iguais elementos constitutivos, onde os ditos elementos son os seguintes:

Lámina retrorreflectora.

Sistema de confección dos caracteres.

Dimensións da placa.

Tipo de substrato.

3. Fabricante: toda persoa física ou xurídica que fabrica unha placa de matrícula ou que manda deseñar ou fabricar unha placa de matrícula e a comercializa co seu nome, denominación social ou marca comercial.

4. Representante autorizado: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que recibiu un mandato por escrito dun fabricante para actuar no seu nome en tarefas específicas dentro do ámbito deste real decreto e que asume as obrigacións do fabricante, nos casos en que este se encuentre establecido fóra da Unión Europea.

5. Manipulador: toda persoa física ou xurídica que, debidamente inscrita polo fabricante no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, forma parte da súa rede de fabricación e comercialización e realiza a operación de gravado do número de manipulador así como das letras, números e demais signos que constitúen a matrícula do vehículo.

6. Acreditación: acreditación consonte a definición do artigo 2, punto 10, do Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008.

7. Organismo nacional de acreditación: organismo nacional de acreditación consonte a definición do artigo 2, punto 11, do Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008.

8. Avaliación da conformidade: o proceso polo que se avalía se se satisfán os requisitos especificados en relación coas placas de matrícula.

9. Organismo de control: persoa física ou xurídica que, tendo capacidade de obrar e dispoñendo dos medios técnicos, materiais e humanos, e imparcialidade e independencia necesarias, pode verificar o cumprimento das condicións e requisitos de seguridade establecidos nos regulamentos de seguridade para os produtos e instalacións industriais, e ao cal son aplicables os preceptos establecidos para o efecto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial. Os organismos de control estarán acreditados conforme os requisitos da norma UNE EN-ISO 17020 para as actividades de inspección e os correspondentes ensaios en apoio á inspección definidos no anexo III.

10. Exame de tipo: parte do procedemento de avaliación da conformidade mediante a cal un organismo de control examina o deseño técnico dunha placa de matrícula, verifica que o dito deseño técnico cumpre os requisitos aplicables e certifica.

Artigo 3. *Requisitos aplicables.*

1. As placas de matrícula que vaian ser comercializadas e postas en servizo no territorio nacional deberán cumprir as especificacións técnicas detalladas no anexo III.

2. As placas de matrícula comercializadas legalmente noutro Estado membro da Unión Europea ou en Turquía ou orixinarias dun Estado da Asociación Europea de Libre Comercio signatario do Acordo do Espazo Económico Europeo e comercializadas legalmente nel, considéranse conformes coas especificacións técnicas incluídas no

presente real decreto. Sen prexuízo do anterior, toda placa de matrícula comercializada ou posta en servizo en España deberá cumprir os requisitos establecidos no Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, que resulten relevantes para os efectos da seguridade viaria e, en particular, os previstos no anexo XVIII do dito regulamento.

O fabricante deberá emitir unha declaración responsable de conformidade das ditas placas coa lexislación do Estado de que se trate, segundo o modelo establecido no anexo II.

CAPÍTULO II

Obrigacións dos axentes económicos

Artigo 4. *Obrigacións dos fabricantes.*

1. Cando introduzan placas de matrícula no mercado, os fabricantes aseguraranse de que foron deseñadas e fabricadas de conformidade coas especificacións técnicas establecidas no anexo III.

2. Os fabricantes elaborarán a documentación técnica a que se refire o anexo IV e aplicarán o procedemento de avaliación da conformidade correspondente a que se refire o artigo 7.

Cando o organismo de control certifícase que un tipo de placa de matrícula cumpre os requisitos aplicables, os fabricantes elaborarán a declaración de conformidade a que se fai referencia no artigo 6.

3. Os fabricantes conservarán a documentación técnica durante un mínimo de dez anos desde a introdución no mercado da última placa do tipo de que se trate.

4. Os fabricantes son responsables de que a produción en serie manteña a súa conformidade co tipo certificado.

5. Os fabricantes de placas de matrícula serán os responsables de xestionar a alta e a baixa no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico de cada un dos manipuladores que integren a súa rede de fabricación e comercialización, de acordo coas instrucións facilitadas polo dito centro directivo.

6. Os fabricantes deberán garantir a rastrexabilidade dos materiais usados na fabricación das placas de matrícula e dos caracteres, de acordo co previsto no artigo 8.

7. Os fabricantes establecidos fóra da Unión deberán dispor dun único representante establecido na Unión que os represente ante a autoridade competente.

8. O fabricante da placa é responsable de que as operacións de cuñaxe, embudadura, imprimación, pintado ou impresión que realiza o manipulador por el autorizado e efectuadas cos propios equipamentos subministrados polo fabricante, no caso en que proceda esta circunstancia, queden realizadas debidamente.

9. O fabricante da placa de matrícula será responsable ante as autoridades de vixilancia do seu mercado da calidade no seu estado de acabamento, e mesmo con carácter subsidiario da gravación do número de manipulador e número de matrícula, e demais operacións de acabamento realizadas polo manipulador por el autorizado.

10. Se o fabricante tiver coñecemento de que un manipulador por el autorizado non respecta as súas instrucións, referentes a procesos de fabricación e gravación da placa, deberá retirarlle a dita autorización, e comunicarllo ao Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

11. Os fabricantes que consideren ou teñan motivos para crer que unha placa de matrícula que introduciron no mercado non é conforme co presente real decreto adoptarán inmediatamente as medidas correctoras necesarias para que sexa conforme, retirala do mercado ou recuperala, segundo o caso. Informarán inmediatamente disto ás autoridades de vixilancia do mercado, facilitando detalles, en particular, sobre a non conformidade e as medidas correctoras adoptadas.

12. Logo de solicitude motivada dunha autoridade de vixilancia do mercado ou da autoridade alfandegueira, os fabricantes facilitarán a esta toda a información e documentación

necesarias en papel ou en formato electrónico e redactadas ao menos en castelán, para demostrar a conformidade da placa de matrícula co presente real decreto. Por petición desa autoridade, cooperarán con ela en calquera medida adoptada para eliminar os riscos que presenten as placas de matrícula que introduciron no mercado.

Artigo 5. Manipuladores das placas.

1. Os manipuladores de placas de matrícula deberán levar un rexistro informático das placas. A información de cada placa confeccionada deberá comunicarse telematicamente á Dirección Xeral de Tráfico seguindo as instrucións facilitadas polo dito centro directivo. Neste rexistro deberá constar, como mínimo, a seguinte información:

- Data e cantidade de placas subministradas.
- Datos do vehículo en que se vai instalar a placa de matrícula (matrícula, número VIN, marca, modelo...).
- Nome e apelidos ou razón social, DNI/NIF do solicitante da placa.
- Fabricante da placa e número de manipulador gravado sobre ela.
- Observacións (en caso que o cambio de placa se produza por roubo ou extravío, deberase deixar constancia deste feito).

2. Será responsabilidade do manipulador asegurar a destrución das placas substituídas salvo no caso de roubo ou extravío.

3. Mentres o fabricante non xestione a alta dun manipulador no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, tal manipulador non poderá manipular ningunha placa de matrícula.

4. Cando se produza a baixa dun manipulador, o fabricante deberá asegurarse de que os equipamentos e materiais subministrados por el mesmo e necesarios para a confección das placas (cuños, placas de matrícula, material retroreflector, *software*, impresoras...) non poidan seguir sendo utilizados nin polo manipulador en cuestión nin por terceiros.

CAPÍTULO III

Conformidade

Artigo 6. Declaración de conformidade.

1. A declaración de conformidade dun tipo de placa de matrícula fará constar que se demostrou o cumprimento dos requisitos aplicables establecidos no anexo III do presente real decreto.

2. O fabricante redactará unha declaración de conformidade de acordo co modelo establecido no anexo I, ao menos en castelán, para cada tipo de produto, e manteraa actualizada e á disposición das autoridades nacionais durante un período de dez anos a partir da posta no mercado do último produto.

Artigo 7. Procedemento de avaliación da conformidade.

1. Antes de introducir no mercado un tipo de placa de matrícula, o fabricante someterá un prototipo a un procedemento de avaliación da conformidade segundo o número 2.

2. A conformidade das placas de matrícula cos requisitos do presente real decreto avaliarase do modo seguinte:

a) Para o prototipo realizárase o exame de tipo que se establece no punto 1 do anexo IV. Non será necesario o exame de tipo para as placas de matrícula con homologación válida no momento da entrada en vigor do presente real decreto.

b) Para garantir a conformidade do produto fabricado co prototipo o fabricante someterase ao proceso de verificación periódica do control da produción segundo o punto 2 do anexo IV.

3. Os documentos e a correspondencia relativos á avaliación da conformidade redactaranse, como mínimo, en castelán.

Artigo 8. *Rastrexabilidade de placas e caracteres.*

1. O fabricante deberá establecer os procedementos necesarios co fin de coñecer, en caso de reclamación, os materiais que se utilizaron na fabricación de placas de matrícula e os caracteres. Constituirán o ámbito de aplicación dos ditos procedementos as placas de matrícula e os seus caracteres. Esencialmente, deberase controlar:

- a) Material do substrato.
- b) Material reflector.
- c) Pintura.
- d) Material dos caracteres.

2. Para os efectos do control de rastrexabilidade das placas de matrícula e dos caracteres, as placas de matrícula deberán levar na súa parte posterior e nun lugar visible ou, alternativamente, na parte anterior, de forma que non interfiran cos caracteres do número de matrícula e con caracteres de altura non superior aos 5 milímetros os seguintes datos:

- a) Marca do fabricante.
- b) Data de fabricación.
- c) Número de control de rastrexabilidade e cantos datos sexan necesarios para garantir unha mellor rastrexabilidade.

3. O fabricante da placa de matrícula establecerá un procedemento por escrito en que se describa o control de rastrexabilidade no cal se inclúan os rexistros que se deben formalizar. Esta documentación será validada polo organismo de control.

4. O período de conservación dos rexistros de rastrexabilidade será, como mínimo, de vinte anos.

5. Toda a documentación do control da rastrexabilidade, así como a información complementaria que sexa necesaria para verificar o dito control, deberá estar dispoñible no domicilio legal do fabricante ou do representante do fabricante da placa.

CAPÍTULO IV

Vixilancia do mercado

Artigo 9. *Vixilancia do mercado.*

1. Son autoridades de vixilancia do mercado aqueles órganos administrativos responsables de levar a cabo actividades e adoptar medidas co obxectivo de velar por que os produtos cumpran as disposicións que lles sexan aplicables e, en calquera caso, non entrañen un risco para os intereses públicos protexidos por tales disposicións.

2. As autoridades de vixilancia de mercado velarán para que todas as placas de matrícula comercializadas en territorio español cumpran os requisitos deste real decreto.

CAPÍTULO V

Réxime sancionador

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria; no texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, así como no texto refundido

da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Disposición adicional primeira. *Matrículas para vehículos das Forzas Armadas en zona de operacións militares.*

As prescricións técnicas e administrativas aplicables ás placas de matrícula dos vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil en zonas de operacións militares serán determinadas polo Ministerio de Defensa e, salvo os casos en que deban utilizarse matrículas subministradas por organismos ou coalicións internacionais, axustaranse, en canto as súas peculiares características o permitan, ás condicións establecidas no presente real decreto.

Disposición adicional segunda. *Habilitación para a modificación dos anexos do Regulamento xeral de vehículos.*

A modificación do anexo XVIII do Regulamento xeral de vehículos prevista na disposición derradeira primeira deste real decreto enténdese sen prexuízo da habilitación para a modificación dos anexos do Regulamento xeral de vehículos, segundo o disposto na disposición derradeira terceira do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.

Disposición transitoria primeira. *Validez das homologacións en vigor.*

As homologacións concedidas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo de acordo coa Orde IET/1624/2012, do 16 de xullo, pola que se regula a homologación de placas de matrícula para vehículos de motor e remolques, así como aquelas concedidas de acordo coa Orde do 20 de setembro de 1985 sobre instalación e homologación de placas de matrícula para vehículos de motor e remolques, seguirán sendo válidas e eficaces durante un período de catro anos a partir da entrada en vigor do presente real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

1. Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto tramitaranse e resolveranse segundo a normativa vixente no momento de iniciarse o procedemento.

2. Non obstante o anterior, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e, deste modo, optar pola aplicación do presente real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Organismos de control.*

Mentres non existan organismos de control, os servizos técnicos designados de acordo coa Orde IET/1624/2012, do 16 de xullo, pola que se regula a homologación de placas de matrícula para vehículos de motor e remolques, poderán actuar como organismos de control para os efectos do presente real decreto.

Disposición transitoria cuarta. *Comunicación dos datos das matrículas fabricadas á Dirección Xeral de Tráfico.*

Os manipuladores de placas de matrícula disporán dun ano desde a entrada en vigor do presente real decreto para adecuarse ao disposto no número 4 do artigo 5, no referente á comunicación por medios telemáticos á Dirección Xeral de Tráfico dos datos das placas confeccionadas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango naquilo que contradigan ou se opoñan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

- a) Orde IET/1624/2012, do 16 de xullo.
- b) O artigo segundo do Real decreto 2100/1976, do 10 de agosto, sobre fabricación, importación, venda e utilización de pezas, elementos ou conxuntos para reparación de automóviles.
- c) Orde do 9 de maio de 1977 pola que se ditan normas complementarias ao Real decreto 2100/1976, do 10 de agosto, no que se refire á actuación das xefaturas de Tráfico en relación cos establecementos dedicados á venda de placas de matrícula para vehículos automóviles.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do artigo 49 e do anexo XVIII do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.*

Un. O artigo 49 queda redactado como segue:

«Artigo 49. *Caracteres, dimensións e outros requisitos.*

1. As placas de matrícula deben cumprir co establecido no anexo XVIII do presente real decreto. Así mesmo, deberán ser conformes cos requisitos técnicos establecidos no Real decreto 885/2020, do 6 de outubro, polo que se establecen os requisitos para a comercialización e posta en servizo de placas de matrícula para vehículos de motor e remolques, e polo que se modifica o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

O número de placas de matrícula que debe levar cada vehículo, así como a súa localización nel, axustaranse ao disposto no citado anexo.

2. O número de manipulador, asignado polo fabricante e dado de alta no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico constará no anverso de todas as placas, no centro do bordo esquerdo, en posición vertical, de acordo co especificado no referido anexo.

3. O nome do fabricante ou marca rexistrada aparecerá no anverso das placas de serie xunto ao centro do bordo superior e dentro dun rectángulo horizontal de 5 milímetros de altura e 35 milímetros de largo, na mesma cor que os caracteres impresos na matrícula, ou no seu bordón, no caso de placas embutidas.

4. Queda prohibido que nas placas de matrícula se coloquen, inscriban ou pinten adornos, signos ou outros caracteres distintos dos sinalados no anexo XVIII, incluída a publicidade no seu interior. Autorízase a utilización dun apéndice distinto da propia placa e situado na parte inferior desta ou dun marco alleo á propia placa, o cal poderá ir gravado na parte inferior con publicidade, sempre e cando o seu contorno non exceda en 26 milímetros o bordo do exterior da placa. Así mesmo, prohibese que nas partes anterior e posterior dos vehículos se coloquen placas complementarias non autorizadas ou se fixen ou pinten marcas ou distintivos que, pola súa forma, cor e caracteres, dificulten a lexibilidade ou poidan inducir a confusión cos caracteres regulamentarios das placas de matrícula.»

Dous. O anexo XVIII, «Placas de matrícula», modifícase da seguinte forma:

a) No número I. «Cores e inscricións», engádese o seguinte parágrafo con anterioridade á epígrafe A) «Matrícula ordinaria»:

«Sen prexuízo da cor do fondo establecida para cada placa de matrícula nos seguintes números, permítese a inclusión de deseños xeométricos sen significado

recoñecible, sempre que non afecten as condicións de retrorreflexión e lexibilidade necesarias para o correcto funcionamento de sistemas de captación de imaxe das autoridades competentes en materia de tráfico.

No caso mencionado no parágrafo anterior, deberase garantir o cumprimento das placas coas prescricións da norma ISO/IEC 30116:2016 «Information technology –Automatic identification and data capture techniques– Optical Character Recognition (OCR) quality testing».

b) No número III. «Número e situación das placas», os puntos 1 e 2 quedan redactados como segue:

«1. Os automóviles, excepto as motocicletas e vehículos de tres rodas, deberán levar dúas placas de matrícula, de forma plana e rectangular. Unha colocarse na parte dianteira de maneira que o seu eixe vertical estea situado no plano lonxitudinal mediano do vehículo, e outra, na parte posterior, que se colocará de maneira que o seu eixe vertical estea situado naquel plano e, de non ser posible, no lado esquerdo do vehículo.

Excepcionalmente, naqueles automóviles en que, por construción, a placa dianteira non poida ser colocada de maneira que o seu eixe vertical estea situado no plano lonxitudinal mediano do vehículo, esta poderase situar no seu lado esquerdo ou dereito.

2. Os ciclomotores, motocicletas e vehículos de tres rodas (incluíndo cuadríciclos) levarán unha soa placa na parte posterior, colocada en posición vertical ou case vertical, no plano lonxitudinal mediano do vehículo e no centro e por encima do gardalama posterior no caso das motocicletas que non levan sidecar, e entre ambas as rodas posteriores e o máis alta posible, se o levan.»

c) No cadro 1 do número IV. «Dimensións e especificacións das placas e dos seus caracteres», insírense as seguintes filas:

1.º A decimo cuarta fila, sobre tipo de placa de matrícula «Ciclomotores» queda redactada nos seguintes termos:

Ciclomotores alta	100 x 168	90 x 158	13	30	3,5	10	10	22	12	27	27	15,5	15,5	AM	N	±3 mm
-------------------	-----------	----------	----	----	-----	----	----	----	----	----	----	------	------	----	---	-------

2.º Debaixo da fila sobre tipo de placa de matrícula «Ciclomotores» insírese a seguinte:

Ciclomotores longa	140 x 120	130 x 110	13	30	3,5	10	10	22	12	27	27	15,5	15,5	AM	N	±3 mm
--------------------	-----------	-----------	----	----	-----	----	----	----	----	----	----	------	------	----	---	-------

3.º Debaixo da fila sobre tipo de placa de matrícula de «Cuadríciclos» insírese a seguinte:

Cuadríciclos longa	520 x 110	510 x 110	45	77	10	11	41	11,5	-	62	22	-	-	AM	N	±3 mm
--------------------	-----------	-----------	----	----	----	----	----	------	---	----	----	---	---	----	---	-------

4.º Debaixo da fila sobre tipo de placa de matrícula de «Cuadríciclos» insírese a seguinte:

Vehículo histórico ciclomotores	100 x 168	90 x 158	13	30	3,5	10	10	22	12	27	27	15,5	15,5	B	N	±3 mm
---------------------------------	-----------	----------	----	----	-----	----	----	----	----	----	----	------	------	---	---	-------

Disposición derradeira segunda. *Modificación do número 7 do artigo 9 do Regulamento de vehículos históricos, aprobado polo Real decreto 1247/1995, do 14 de xullo.*

O número 7 do artigo 9 do Regulamento de vehículos históricos, aprobado polo Real decreto 1247/1995, do 14 de xullo, queda redactado da seguinte maneira:

«7. As placas de matrícula correspondentes aos vehículos matriculados ou construídos con anterioridade a 1970 axustaranse, en canto ao seu número, colocación, forma, dimensións e procedemento de estampación dos caracteres, ás condicións regulamentarias exixidas na época en que foron ou puideron ser postos en circulación; os posteriores a 1970 deberán levar placas de matrícula homologadas ou, en caso de non estar homologadas, conformes cos requisitos técnicos establecidos no anexo XVIII do Regulamento xeral de vehículos e no anexo III do Real decreto 885/2020, do 6 de outubro, polo que se establecen os requisitos para a comercialización e posta en servizo de placas de matrícula para vehículos de motor e remolques, e polo que se modifica o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, e utilizaranse de acordo coas normas xerais a ordinaria alta ou longa ou, se for o caso, a de motocicletas.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e no artigo 149.1.21.^a da propia Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, sen prexuízo das competencias que, se for o caso, teñan as comunidades autónomas.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para a modificación dos anexos deste real decreto.*

Autorízase o ministro de Industria, Comercio e Turismo para modificar, mediante orde, os anexos deste real decreto, por necesidades de evolución da técnica e para a súa adaptación á normativa da Unión Europea e internacional.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 2 de xaneiro de 2021.

Dado en Madrid o 6 de outubro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,

CARMEN CALVO POYATO

ANEXO I**Declaración de conformidade n.º.....⁽¹⁾**

1. Tipo de matrícula.
2. Nome e enderezo do fabricante e, se for o caso, do seu representante autorizado.
3. Nome e enderezo do organismo de control que certificou o prototipo:
4. Número de certificado do organismo de control:

Quen asina abaixo, debidamente autorizado polo fabricante, declara que o tipo de placa de matrícula obxecto desta declaración é conforme coa lexislación vixente.

Asinado:

(lugar e data de expedición):

(nome, cargo) (sinatura):

(1) O fabricante poderá asignar con carácter facultativo un número á declaración de conformidade.

ANEXO II**Declaración de conformidade n.º.....⁽¹⁾**

1. Tipo de matrícula.
2. Nome e enderezo do fabricante e, se for o caso, do seu representante autorizado.
3. Número de homologación da placa de matrícula⁽²⁾:
4. Estado en que se comercializan as placas de matrícula.

Quen abaixo asina, debidamente autorizado polo fabricante, declara que o tipo de placa de matrícula obxecto desta declaración é conforme coa lexislación vixente e comercialízase no Estado indicado no punto 4, segundo a regulamentación nacional vixente no dito Estado.

Asinado:

(lugar e data de expedición):

(nome, cargo) (sinatura):

(1) O fabricante poderá asignar con carácter facultativo un número á declaración de conformidade.
(2) Se procede.

ANEXO III**Especificacións técnicas aplicables ás placas de matrícula**

1. Especificacións xerais.
 - 1.1 Definicións.
 - 1.1.1 Placa embutida tinguida despois da embutidura.

A placa que está formada ao menos por un substrato e material reflector adherido á súa superficie e que unha vez embutida é necesario pintala para destacar os caracteres.

- 1.1.2 Placa embutida tinguida antes da embutidura.

A placa que está provista de un ou de varios substratos e que despois da embutidura separando a lámina superior dos caracteres tras cortala aparecen os caracteres pintados.

1.1.3 Placa non embutida.

A placa en que os dígitos se obteñen por impresión dixital ou calquera outro procedemento similar.

1.1.4 Rebordo da placa:

Franxa estreita embutida ou plana que sobresa 5 mm do bordo da placa, cando sexa exixible polas características mecánicas do material do substrato, sen cubrir nin pintar e exteriormente á superficie reflectora.

1.2 Materiais.

1.2.1 O conxunto da placa de matrícula embutida estará formado, ao menos, por un substrato pintado ou non, resistente á corrosión e unha lámina retrorreflexora aplicada directamente sobre este. As placas non deben presentar defectos de fabricación que prexudiquen a súa correcta utilización nin a súa boa conservación.

1.2.2 O conxunto da placa de matrícula non embutida estará formado por unha lámina retrorreflexora e, ao menos, unha prancha de material soporte. As placas non deben presentar defectos de fabricación que prexudiquen a súa correcta utilización nin a súa boa conservación.

1.2.3 As tintas e láminas deben ser de boa calidade co fin de asegurar a función da placa de maneira permanente en condicións normais de utilización.

1.2.4 Cando os caracteres cuñados ou embutidos na placa exixan, polo seu procedemento, o pintado despois da embudidura, o fabricante da placa virá obrigado a certificar a tinta que hai que utilizar conxuntamente co forno de secado, e responsabilizarse da súa utilización por parte dos seus manipuladores e expendedores de placas. Da mesma maneira, certificará a tinta ou asimilable que se utilizará no resto de placas.

1.3 Caracteres.

A largura, altura, grosor de trazo, separación entre caracteres, espazo entre grupo de caracteres, separación a bordos (horizontais, entre liñas, verticais liña superior dereita e esquerda, verticais liña inferior dereita e esquerda), así como a tolerancia entre estes, deberá axustarse ao disposto no punto IV, anexo XVIII «Dimensións e especificacións das placas e os seus caracteres», do Regulamento xeral de vehículos.

1.4 Cores.

As cores do fondo das placas e dos caracteres serán as que indica o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, e deberán axustarse ás especificacións fotométricas e colorimétricas que se sinalan na epígrafe 2 deste anexo. Non se permitirá, para os caracteres impresos nas placas, outra cor diferente á negra mate, vermella mate ou branca mate, dependendo do tipo de matrícula, e esta deberá encher de forma completa e uniforme o seu interior (recheo sólido); tampouco se admitirá que o recheo dos caracteres se realice de forma degradada ou similar.

1.5 Rebordo das placas de matrícula.

As placas de matrícula poderán levar rebordo, plano, sen cubrir nin pintar, e exteriormente á superficie reflectora, cunha largura de 5.0 mm e, no caso de placas embutidas, unha embudidura de $0,8 \pm 0,1$ mm

1.6 Marcas de seguridade contra falsificacións.

1.6.1 A lámina reflectora conterá, ao menos, como parte integrante, unhas marcas de seguridade para evitar falsificacións. Estas marcas consistirán no escudo oficial de

España, e dun anagrama, logotipo ou marca de fábrica do fabricante da lámina retrorreflectora.




FIGURA 1

1.6.2 O escudo oficial de España estará inscrito nun rectángulo de 20 x 17 mm e estará distribuído uniformemente por toda a superficie da lámina, conforme o especificado na figura 1.

1.6.3 O anagrama, logotipo ou marca de fábrica, correspondente a cada fabricante de lámina retrorreflectora ou da placa de matrícula, estará inscrito nun cadrado de 6 mm de lado, distribuídas entre os espazos resultantes do escudo de España centrados neles, tal e como se indica na figura 1 en que figuradamente aparece a inscrición XX.

1.6.4 Dados os avances técnicos que se producen nesta industria con base nas novas tecnoloxías, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, logo do informe do Ministerio do Interior sobre garantía do nivel de seguridade pública e das persoas, poderá autorizar a incorporación ás placas de matrícula doutros elementos de seguridade, sempre que estes engadan un complemento de seguridade ou estean encamiñados a evitar modificacións ou falsificacións das placas de matrícula.

1.7 Método de fixación da placa.

O método de fixación da placa ao vehículo será o establecido polo seu fabricante.

2. Especificacións fotométricas e colorimétricas.

2.1 Definicións.

Para os efectos destas especificacións, enténdese por:

2.1.1 Material retrorreflector.

Unha superficie e obxecto que reflicte e devolve unha porción relativamente alta de luz na mesma dirección de que provén. Esta característica mantense nunha ampla variedade de ángulos formados polo raio de luz incidente e a normal á superficie reflectora.

2.1.2 Ángulo de entrada.

O ángulo formado entre o eixe de iluminación e o eixe reflector.

2.1.3 Ángulo de observación.

O ángulo formado entre o eixe de iluminación e o eixe de observación.

2.1.4 Coeficiente de reflexión.

O resultado obtido de dividir o coeficiente de intensidade luminosa emitida por unha superficie plana reflectora pola súa área, expresado en cd. lux-1. m-2.

2.1.5 Factor de luminancia.

O número de veces que o elemento é máis brillante que unha superficie branca de difusión perfecta.

2.2 Símbolos e abreviaturas.

H= cando a iluminación do raio luminoso incidente ou de entrada se realiza horizontalmente.

V= cando a iluminación do raio luminoso incidente ou de entrada se realiza verticalmente.

CIE = Commission Internationale de l'Eclairage CIE= Comisión Internacional da Iluminación.

2.3 Especificacións fotométricas.

2.3.1 Os valores mínimos de reflectancia de material novo, expresados en candelas por lux por metro cadrado (cd. lux-1. m-2) serán os especificados no cadro I, cando se ilumina co iluminante Standard A da CIE, e medido segundo recomendación da CIE cos ángulos de entrada e de observación no mesmo plano.

2.3.2 O axuste do ángulo de entrada farase de forma que os ángulos de entrada e de observación estean en lados opostos da liña que une o foco luminoso co centro da mostra.

CADRO I

Xeometría coplanar

Cor do produto	Ángulo de observación	Ángulo de entrada				
		H = 0°	V= 5°V = 30°		V= 40°	V=45°
			cd. lux-1. m-2			
Branca	0° 12'	–	70.00	30.00	–	6.00
	0° 20'	–	50.00	25.00	–	3.00
	1° 30'	–	5.00	2.00	–	1.00
Vermella	0° 12'	–	10.00	4.00	1.40	–
	0° 20'	–	7.00	2.50	1.20	–
	1° 30'	–	0.60	0.30	0.20	–
Verde	0° 12'	–	9.00	3.00	1.00	–
	0° 20'	–	7.00	2.30	0.90	–
	1° 30'	–	0.60	0.15	0.08	–

Cor do produto	Ángulo de observación	Ángulo de entrada				
		H = 0°	V= 5°V = 30°		V= 40°	V=45°
			cd. lux-1. m-2			
Azul	0° 12'	–	3.00	1.50	–	–
	0° 20'	–	1.50	1.00	–	–
	1° 30'	–	0.30	–	–	–
Amarela	0° 12'	–	40.00	16.00	7.00	–
	0° 20'	–	28.00	11.00	5.00	–
	1° 30'	–	3.00	2.00	1.00	–

2.4 Especificacións colorimétricas.

2.4.1 Cando se mide segundo as especificacións da publicación CIE número 15 (1971) e coa superficie iluminada cun iluminante standard D65, baixo un ángulo de 45° á normal (xeometría 45/0), a cor de fondo da superficie retrorreflexora deberá estar situada dentro da área definida polas coordenadas cromáticas do cadro II e axustarse ao factor de luminancia.

2.4.2 Poden usarse métodos ou instrumentos colorimétricos equivalentes, pero, en caso de dúbida, o método espectrofotométrico tomarase como método de referencia.

CADRO II

Cor		1	2	3	4	Factor de luminancia
Branca	X	0.355	0.305	0.285	0.335	> 0.35
	Y	0.355	0.305	0.325	0.375	
Vermella	X	0.690	0.595	0.569	0.655	> 0.05
	Y	0.310	0.315	0.341	0.345	
Verde	X	0.007	0.248	0.177	0.026	> 0.04
	Y	0.703	0.409	0.362	0.399	
Azul	X	0.078	0.150	0.210	0.137	> 0.01
	Y	0.171	0.220	0.160	0.038	
Amarela	X	0.545	0.487	0.427	0.465	> 0.27
	Y	0.454	0.423	0.483	0.534	

3. Ensaio.

3.1 Resistencia á temperatura.

Para verificar o comportamento da placa debido ás dilatacións dos diferentes materiais que a compoñen, unha mostra de proba someterase ás seguintes condicións en serie:

- Durante seis horas consecutivas a unha temperatura de 65 ± 2 °C e humidade relativa de 10 ± 5 por 100.
- Durante unha hora a unha temperatura de 25 ± 5 °C e humidade relativa do 50 ± 10 por 100.
- Durante quince horas consecutivas a unha temperatura de -20 °C ± 2 °C.

Ao final deste ensaio, o material retrorreflector, as letras e os díxitos non mostrarán ningún tipo de fendadura, burbullas, decoración ou peladura do substrato.

3.2 Adhesión ao substrato.

A mostra de proba acondicionárase durante unha hora a $-20\text{ }^{\circ}\text{C}$. Inmediatamente despois deste acondicionamento, non será posible arrincar fisicamente o material retrorreflector nunha peza do substrato en que estea pegada a superficie de contacto reflexiva adhesiva.

Para verificar a adhesión ao substrato, acondicionárase unha placa, sen gravar, durante unha hora a $-20\text{ }^{\circ}\text{C} \pm 2\text{ }^{\circ}\text{C}$. Inmediatamente despois deste acondicionamento non será posible arrincar fisicamente nunha soa peza o material retrorreflector do substrato, e considerárase como substrato para ensaiar o que teña máis superficie de contacto coa parte adhesiva do material retrorreflector.

3.3 Resistencia das placas ao impacto e verificación das súas especificacións xeométricas.

3.3.1 Impacto.

Colocar a mostra de ensaio co lado reflector cara arriba sobre un soporte sólido formado por unha placa de aceiro duns 12,5 mm a unha temperatura ambiente de $20\text{ }^{\circ}\text{C}$.

Deixar caer unha bóla de aceiro de 25 mm de diámetro, desde unha altura de 2 m, sobre unha sección plana da mostra.

O material retrorreflector non deberá mostrar regañas ou separación do substrato máis alá dunha distancia de 5 mm da área impactada.

3.3.2 Xeometría.

A xeometría da placa e as súas medidas, así como a gravación dos caracteres, axustaranse ao disposto no Regulamento xeral de vehículos.

3.4 Resistencia á auga.

Somerxer a mostra de proba, durante un período de vinte e catro (24) horas consecutivas, en auga destilada (desionizada) a $25 \pm 5\text{ }^{\circ}\text{C}$ e deixala secar despois, durante corenta e oito (48) horas, a temperatura ambiente normal. Unha vez concluído o ensaio, a mostra non presentará evidencia ningunha, nin síntomas significativos de deterioración que poida reducir a eficacia do seu comportamento. Posteriormente, realizaranse os ensaios definidos nas epígrafes 2.4.

3.5 Limpeza.

Unha mostra de ensaio, impregnada cunha mestura de 98 partes de aceite lubricante pesado e dúas partes de grafito, poderá limparse con facilidade sen danar a superficie reflectora ao refregala cun disolvente alifático, como o n-heptano, e lavala despois cun deterxente neutro.

3.6 Resistencia aos carburantes.

Somerxer unha parte da mostra de proba, que conteña letras e números sobre un fondo de reflector completamente branco, durante un minuto, en carburante de ensaio composto dun 70 por 100 de n-heptano e un 30 por 100 de tolueno (en volume).

Unha vez retirada, inspeccionárase a superficie da mostra, que non deberá amosar ningún cambio visible que poida reducir o seu rendemento efectivo.

3.7 Resistencia do distintivo comunitario e outras marcas de seguridade á refregadura.

Sobre o distintivo comunitario, sobre as marcas de seguridade e sobre as tintas realizaranse 20 refregaduras mediante un pano de tea de algodón impregnado con alcohol de 96° exercendo sobre el, en cada unha das 20 refregaduras, unha presión de 0,800 N.

Considerarase superado o ensaio se tras a súa finalización non se aprecian alteracións de importancia.

3.8 Resistencia á néboa salina (corrosión).

Someter unha mostra de proba a unha néboa salina durante dous ciclos de vinte e dúas (22) horas cada un, separados por un intervalo de dúas (2) horas, a temperatura ambiente, durante as cales se deixará secar a mostra.

A néboa salina producirase por atomización proxectada a unha temperatura de 35 ± 2 °C, dunha solución salina obtida disolvendo cinco partes en peso de cloruro de sodio en 95 partes de auga destilada (desionizada) con menos do 0,02 por 100 de impurezas. Unha vez rematado o ensaio, a mostra lavarase con auga e secarase cun pano, para examinala seguidamente. Non deberá existir corrosión na superficie, visible a 2 metros de distancia, capaz de prexudicar a eficacia da placa. Este ensaio non será preciso se, a xuízo do servizo técnico, os materiais que constitúen a placa non son susceptibles de corrosión.

3.9 Ensaio de falsificación da lámina retrorreflectora.

3.9.1 As marcas de seguridade e calquera outra situada na superficie do material reflector deberán ser visibles, e poden ter puntos angulares de visibilidade nula, baixo condicións de luz difusa (exemplo: a luz do día) ou luz con grande ángulo de incidencia a unha distancia de 1,5 a 2 metros.

Non deberán ser visibles baixo luz retrorreflectada cando a superficie da lámina se ilumine perpendicularmente ou cun mínimo ángulo de incidencia de luz.

A partir dunha distancia de 2-3 metros xa non debe poder verse a simple vista.

Deben resistir todos os ataques químicos ou físicos aos cales están expostas normalmente as placas de matrícula, salvo que estes ocasionen danos irreparables na lámina retrorreflectora.

Non deberán poderse quitar da lámina retrorreflectora por medios químicos ou físicos, sen causar danos irreparables ao sistema retrorreflector; isto é, deben ser parte integrante e inseparable da lámina retrorreflectora. Este requisito considérase cumprido se se satisfai o ensaio da epígrafe 3.7.

3.9.2 As propiedades reflectoras das marcas non poderán reproducirse nin dentro nin sobre outros materiais reflectores comunmente dispoñibles no mercado.

ANEXO IV

Procedementos de avaliación da conformidade

1. Exame de tipo

1.1 O exame de tipo é a parte do procedemento de avaliación da conformidade mediante a cal un organismo de control examina o deseño técnico dunha placa de matrícula e verifica e certifica que o dito deseño técnico cumpre os requisitos aplicables.

1.2 O exame de tipo deberá efectuarse en forma dunha avaliación da adecuación do deseño técnico da placa de matrícula mediante o exame da documentación técnica e da documentación de apoio a que se fai referencia no punto 1.3, e en forma de ensaios de exemplares representativos da produción prevista, da placa de matrícula.

1.3 O fabricante deberá presentar unha solicitude de exame de tipo a un único organismo de control da súa elección.

1.3.1 Na solicitude figurará o seguinte:

a) o nome e a enderezo do fabricante e, se a solicitude a presenta o representante autorizado, tamén o nome e enderezo deste;

b) unha declaración por escrito de que non se presentou a mesma solicitude ante ningún outro organismo de control;

c) a documentación técnica; a documentación técnica deberá permitir avaliar a conformidade da placa de matrícula cos requisitos aplicables; a documentación técnica incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

- 1) unha descrición da placa;
- 2) os planos de deseño e fabricación;
- 3) as descricións e explicacións necesarias para a comprensión dos ditos planos e esquemas;
- 4) os resultados dos cálculos de deseño efectuados, dos exames realizados, etc.;
- 5) os informes dos ensaios realizados durante o deseño;

d) os exemplares representativos da produción prevista; o organismo de control poderá solicitar máis exemplares, se o programa de ensaio o require;

1) Os exemplares representativos terán un mínimo de 100 cm² de superficie plana continua, sen grafa, para facilitar as medicións fotométricas e demais ensaios. Dependendo do deseño gráfico, pode ser necesario certo axuste. Todas as mostras serán acondicionadas durante vinte e catro horas a 25 ±5 °C e 50 ±20 por 100 de humidade relativa antes de sometelas a ensaio.

2) Un dos exemplares deberá ser unha placa completamente rematada, lista para a súa colocación nun vehículo e representativa da produción normal en que apareza a lenda 0202ZBF. Usarase para comprobar as dimensións, forma, letras e números, de acordo coas normas establecidas.

3) Un segundo exemplar deberá ser unha placa completamente rematada, pero sen lenda, e usarase para comprobar a uniformidade da retrorreflexión.

4) As outras mostras deberán ser placas terminadas, representativas da produción normal, pero só coa letra B e dous números oito situados no centro e deixando aos lados superficies libres de, ao menos, 100 cm² para realizar diferentes ensaios.

1.4 O organismo de control deberá:

a) Polo que respecta á placa de matrícula, examinar a documentación técnica para avaliar a adecuación do deseño técnico da placa de matrícula.

b) Polo que respecta ao exemplar ou exemplares:

1) Comprobar que se fabricaron conforme a documentación técnica.

2) Efectuar, ou facer que se efectúen, os exames e ensaios oportunos para comprobar que se cumpren os correspondentes requisitos do presente real decreto.

1.5 O organismo de control elaborará un informe de avaliación que recolla as actividades realizadas de conformidade co punto 1.4 e os seus resultados. Sen prexuízo das súas obrigacións respecto ás autoridades, o organismo de control só dará a coñecer o contido deste informe, integramente ou en parte, co acordo do fabricante.

1.6 Cando o tipo de placa de matrícula cumpra coas especificacións técnicas establecidas no presente real decreto, o organismo de control expedirá ao fabricante un certificado de exame de tipo. O certificado incluírá o nome e o enderezo do fabricante, as conclusións do exame, as condicións da súa validez (de ser o caso) e os datos necesarios para a identificación do tipo aprobado. Poderanse xuntar ao certificado un ou varios anexos.

O certificado de exame de tipo e os seus anexos conterán toda a información pertinente para avaliar a conformidade das placas fabricadas co tipo examinado e permitir o control interno. Así mesmo, indicará, se for o caso, as condicións a que estea supeditado e incluírá as descricións e planos necesarios para identificar o tipo aprobado.

En caso de que o tipo non satisfaga as especificacións técnicas do presente real decreto, o organismo de control denegará o certificado de exame de tipo e informará disto ao solicitante, motivando detalladamente a súa negativa.

1.7 O fabricante informará ao organismo de control en posesión da documentación técnica relativa ao certificado de exame de tipo de todas as modificacións do tipo aprobado que poidan afectar a conformidade da placa coas especificacións técnicas do presente real decreto ou as condicións de validez do certificado. Tales modificacións requirirán unha certificación adicional en forma de suplemento ao certificado orixinal de exame de tipo.

1.8 O fabricante manterá á disposición das autoridades competentes unha copia do certificado de exame de tipo, os seus anexos e os seus suplementos, así como a documentación técnica, durante un período de dez anos a partir da última introdución do tipo de placa de matrícula no mercado.

1.9 O representante autorizado do fabricante poderá presentar a solicitude a que se fai referencia no punto 1.3 e cumprir as obrigacións recollidas nos puntos 1.7 e 1.8, sempre que estean especificadas no seu mandato.

2. Verificación periódica do control da produción

O organismo de control, en ciclos de 6 anos, levará a cabo unha inspección inicial e sucesivas inspeccións anuais nas instalacións do fabricante para garantir o correcto desempeño dos controis de produción do fabricante.

Se a inspección é favorable, o organismo de control emitirá un certificado de conformidade do control da produción de cunha validez de 1 ano desde a data de emisión.

Proceso de inspección:

2.1 Verificación dos medios de control interno do fabricante.

O organismo de control levará a cabo unha inspección das instalacións do fabricante para comprobar que:

a) Se dispón e se aplican por parte do fabricante procedementos que permitan o control da conformidade das placas respecto ao tipo descrito no certificado de exame de tipo.

b) Se dispón dos medios técnicos e humanos que permitan garantir que os produtos fabricados se corresponden co tipo aprobado.

c) O fabricante rexistra os resultados dos controis de produción e analiza os resultados para comprobar e garantir a invariabilidade das características do produto, tendo en conta as tolerancias inherentes á produción industrial.

2.2 Verificación da conformidade co tipo:

Durante a inspección periódica ás instalacións do fabricante, o organismo de control levará a cabo unha toma de mostras sobre a que realizará ensaios para determinar a correspondencia co tipo aprobado e a eficacia do control de produción.

Os ensaios que se realizarán nas inspeccións periódicas relaciónanse na táboa seguinte:

Fotometría (número 2.3 anexo III).	Bienal.
Colorimetría (número 2.3 anexo III).	Bienal.
Adhesión ao substrato (número 3.2 anexo III).	Bienal.
Resistencia das placas ao impacto e verificación das súas especificacións xeométricas (número 3.3 anexo III).	Bienal.
Resistencia aos carburantes (número 3.6 anexo III).	Bienal.
Ensaio de falsificación da lámina retrorreflectora (número 3.9 anexo III).	Bienal.

Os ensaios débense realizar de forma que se asegure o control sobre todos os tipos de placas que teña o fabricante, e pódense agrupar os tipos por familias de forma documentalmentexustificada, sempre que os resultados poidan ser extrapolables con base nas características técnicas de cada tipo de placa certificada. Os ensaios que permitan avalaar unha determinada familia realizaranse considerando o «peor caso» entre a familia definida.

O organismo de control, para emitir o certificado de conformidade ao final do ciclo de 6 anos, deberá comprobar, con base nos certificados de verificación periódica do control da produción do fabricante, que se levaron a cabo durante o ciclo todos os ensaios definidos no cadro anterior para cada tipo de placas.